

**PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL  
CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO DE  
AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA  
DO PLAN PARCIAL DO SUD DO  
CONCELLO DE BOIMORTO**

## **1. INTRODUCCIÓN AO PLANEAMENTO**

O Plan Parcial do SUD do concello de Boimorto desenvolve o ámbito de Solo Urbanizable Delimitado destinado a uso industrial que figura no Plan Xeral de ordenación Municipal de Boimorto, aprobado definitivamente en febreiro do 2007.

A peza constitúe unha única parcela e atópase nas proximidades de As Corredoiras, ten forma cuase rectangular e ten un desenvolvemento norte-sur. Ten unhas dimensións aproximadas de 433,56 m de eixo norte-sur e 242,35 m de eixo leste-oeste, e unha superficie de 94.180 m<sup>2</sup>, dos que 65.662 m<sup>2</sup> (69,7%) son edificables. Os límites da peza son:

- Norte: parcela catastral 447 do polígono 506
- Oeste: camiño de As Corredoiras a Fonte Présaras
- Sur: núcleo rural das Corredoiras
- Leste: estrada autonómica AC-840

Dende o punto de vista medioambiental, o estado de conservación do ámbito é baixo, o mesmo que a súa naturalidade, non identificándose elementos da xea que precisen especial atención.

A peza a urbanizar terá un único enlace coa estrada AC-840 (Betanzos-Lalín), que pasa polo núcleo de Corredoiras e que é a principal vía de comunicación do concello. Na actualidade, no interior da peza non existe ningún tipo de viario, sendo todo de borde.

Por outra parte, a peza contará con dúas zonas verdes: unha en contacto co núcleo de Corredoiras e outro nas marxes do regato que transcorre polo centro da peza de leste a oeste.

Por último, o proxecto contempla unha parcela para servizos técnicos, onde se trataran as augas pluviais antes de vertelas ao rego, un vaso de tormentas para evitar asulagamentos en caso de precipitacións intensas e súbitas e aproveitar as augas para rego das zonas verdes, así como un punto limpo para depósito, clasificación e recollida dos residuos xerados no ámbito do futuro polígono industrial.

## **2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

### **2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica**

Para promover un desenvolvemento sustentable, acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do Plan Parcial do SUD, sométese a unha Avaliación Ambiental estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico

previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O concello de Boimorto, responsable da elaboración do Plan Parcial e, polo tanto, órgano promotor do Plan Parcial do SUD do concello de Boimorto, comunica, en novembro de 2007, á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible, o inicio do procedemento de elaboración do citado Plan. Así mesmo, emite un documento de inicio no que se recollen os principais obxectivos e características do ámbito e do Plan.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, órgano ambiental no mencionado proceso remite ao órgano promotor, en abril do 2008, o “Documento de referencia para a AAE do Plan Parcial do Concello de Boimorto”, tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), precisando a información que, como mínimo, deberá conter (anexo I da citada Lei). Este Documento de Referencia está dispoñible na seguinte dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

Así, e seguindo os criterios e directrices establecidos do Documento de Referencia, e tendo en conta o que a Lei 9/2006 establece, o concello de Boimorto procedeu á redacción da proposta do Plan, do que é parte integrante o ISA.

O concello de Boimorto, tras aprobar inicialmente o Plan e de acordo coas esixencias de participación pública derivadas do proceso integrado de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico descrito na Lei 6/2007, someteu o documento do Plan Parcial do SUD ao trámite de consulta pública nos prazos establecidos.

Posteriormente, o concello de Boimorto remite á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible toda a documentación do Plan Parcial para a redacción da memoria Ambiental por parte do órgano ambiental.

A finalidade da Memoria Ambiental é a de valorar a consideración da dimensión ambiental na toma de decisións do Plan. Analízanse neste contexto o proceso de avaliación, o ISA e a súa calidade, o resultado das consultas realizadas e a súa toma en consideración, así como a previsión dos efectos derivados da aplicación do Plan, a as súas correspondentes medidas.

Tal e como esixe a propia Lei 9/2006, para dar publicidade a todo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, tódolos documentos xerados durante este procedemento fanse públicos a través da web citada máis arriba.

## **2.2. Análise da calidade do Informe de Sostibilidade Ambiental**

Avalíase neste apartado o grao de adecuación do contido do ISA ao indicado no anexo I da Lei 9/2006, de Avaliación Ambiental Estratéxica, e ao Documento de Referencia, a analízanse os puntos fundamentais da estrutura e contidos do ISA.

### 2.2.1. Obxectivos definidos

O concello de Boimorto plantexa a necesidade do desenvolvemento dun polígono industrial atendendo a unha motivación de carácter socioeconómico, e co obxectivo final de impulsar o desenvolvemento económico do concello.

O concello de Boimorto considera unha decisión estratéxica fundamental a implantación de solo industrial para facilitar o proceso de creación e desenvolvemento de proxectos empresariais no concello, o que debe levar consigo a creación de postos de traballo e o desenvolvemento de actividades económicas, contribuíndo a evitar a tendencia á perda de poboación que Boimorto ven rexistrando.

Neste sentido, o concello considera que unha das pezas básicas para facer posible o desenvolvemento empresarial é a dispoñibilidade de solo e infraestruturas axeitadas para a implantación e posterior desenvolvemento de actividades de natureza económica.

No PXOM, aprobado definitivamente no ano 2007, preveuse a creación dunha área para desenvolvemento industrial nas inmediacións do núcleo das Corredoiras e que presenta unhas condicións aptas para este tipo de actividades, como impacto mínimo sobre o contorno e boa accesibilidade.

Ao longo do punto 5 do ISA se establecen unha serie de criterios e obxectivos ambientais, que contemplan e dan resposta ao catálogo de variables de sustentabilidade e que son asumidos por completo polo Plan. Estes criterios e obxectivos clasifícanse do seguinte xeito:

- Estratéxicos
  - Viabilidade
  - Flexibilidade
  - Realidade
  - Equidade
  - Criterios básicos de ordenación
- De marcado carácter ambiental
  - Sostibilidade territorial e densidade urbana
  - Tratamento do medio rural
  - Paisaxe
  - Patrimonio natural
  - Emisións e residuos
- Integración das variables e criterios do AAE no Plan (definidos polo DR)

- Patrimonio
  - Sociedade
  - Economía
  - Medio industrial
  - Mobilidade
  - Enerxía
  - Atmosfera
  - Ciclo hídrico
  - Ciclos de materiais
- Recomendación para outras variables non integradas no Plan Parcial

Por último, compre citar que, dado o tamaño da actuación e os obxectivos plantexados, o ISA non considera obxectivos de protección ambiental de escala internacional, nacional ou autonómicos.

#### *2.2.2. Análise obxectiva do contorno*

O ISA realiza un estudo da situación actual do medio socioeconómico, onde se analizan a demografía, a actividade económica, as dotacións, infraestruturas e equipamentos e o patrimonio histórico artístico do concello. Dadas as características dos datos existentes, a análise faise a escala municipal.

Tamén analizase o medio físico e biótico, no que se describen as seguintes variables: xeografía, climatoloxía, hidroloxía, xeoloxía, paisaxe, vexetación, auga, fontes de contaminación e de refugallo. Esta análise faise a escala do ámbito obxecto de estudo, aproximándose ao terreo a través a literatura existente, e baixando de escala mediante traballo de campo. De este xeito, o estudo indica a inexistencia de hábitats, ecosistemas ou especies de interese ambiental, nin bens culturais ou patrimoniais a protexer. Sí se pon de manifesto a necesidade de rexenerar e protexer un pequeno curso fluvial que discorre pola peza a urbanizar.

#### *2.2.3. Análise de alternativas*

O ISA non considera máis que alternativa elixida –aparte da alternativa 0-. A selección da peza elixida como emprazamento da futura área industrial faise en base a súa accesibilidade – a peza sitúase a carón da estrada AC-840, principal vía de comunicación do concello-, ao seu tamaño e ás súas características físicas, que presentan un baixo valor natural, considerándose que a súa urbanización non terá efectos ambientais negativos. Estas características físicas

supoñen tamén que a peza ten un elevado grao de acollida dos usos previstos. Por outra parte, a peza ten unha estrutura da propiedade –un só propietario- que facilita tódolos aspectos legais e administrativos en xeral. Por último, compre citar que a peza estaba xa destinada a albergar unha área industrial dende a aprobación, no ano 2007, do PXOM

Na elección da alternativa proposta, o ISA ten en conta os criterios establecidos no Documento de Referencia e integra no Plan os criterios indicados no punto 5 do ISA, máis concretamente, nos puntos 5.2 e 5.3. Neste último punto, o Plan propón o establecemento dun Plan Integral de Xestión de Residuos Industriais.

#### *2.2.4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio*

O ISA realiza unha aproximación aos efectos previsibles na zona elixida en caso de non aplicación do plan previsto, e o escenario futuro que se identifica de aplicarse a alternativa 0 ten maior impacto a escala municipal que a escala da peza, porque os efectos son, maioritariamente, de tipo socioeconómico. Dende o punto de vista ambiental e, dado o pequeno tamaño da actuación e o seu valor natural, a diferenza entre a aplicación ou non aplicación do plan terá efectos neutros, agás a propia urbanización da zona.

Por outra parte, o ISA fai un análise e ponderación dos efectos ambientais derivados da aplicación do planeamento sobre as variables descritas no punto 6.3. do ISA. Este identificación faise considerando os efectos como impactos ambientais, porque se considera que coñecendo os impactos poderanse deseñar sistemas de corrección.

#### *2.2.5. Medidas previstas para reducir e contrarrestar calquera efecto significativo sobre o medio*

O ISA inclúe unha serie de medidas preventivas (punto 7) destinadas a paliar os posibles efectos negativos sobre os impactos identificados. Como queira que estes impactos se deben principalmente á propia urbanización, as medidas propostas están dirixidas a protexer a cobertura edáfica e vexetal, a minimizar o solo artificializado, a respetar a tipoloxía traadicional nos núcleos rurais, e a acadar a máxima integración paisaxística, tanto urbana como natural. O resto dos impactos –os derivados do funcionamento das novas áreas urbanas e industriais- diríxense a que se garanta o saneamento, o subministro eléctrico e de auga, o control de emisións, a recollida selectiva, o aforro enerxético e o control da tipoloxía e actividade que empresas que se instalen no polígono industrial.

#### *2.2.6. Proposta de plan de seguimento*

O ISA recolle o sistema de indicadores (punto 9.1) propostos polo Documento de referencia, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. En concordancia co sistema de indicadores, deséñase un plan de seguimento (punto 9.2) que contempla o impacto a seguir, o

método de control e a frecuencia do control. Tamén se indica o responsable do control do programa de seguimento.

#### *2.2.7. Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, reducir e paliar os efectos negativos do planeamento.*

Na memoria do Plan Xeral figura a estratexia de actuación e estudo económico do Plan Parcial e, dada a entidade e escasa importancia, desde o punto de vista medioambiental, dos previsibles impactos derivados da implantación do PXOM, estes poden considerarse como integrados no custo de execución das accións urbanísticas programadas, xa que logo, neste caso non son precisas accións específicas de corrección. O resto do custo derivado da execución do programa de seguimento será avaliado e orzamentado polo órgano xestor da área industrial.

#### *2.2.8. Adaptación ao Documento de referencia*

O ISA estrutúrase segundo os apartados indicados no Documento de referencia, que son os contemplados no anexo I da Lei 9/2006

### **2.3. Participación pública e consultas**

#### *2.3.1. Valoración do procedemento de Participación Pública e Consultas e informe das mesmas*

O Plan Parcial, coa súa parte integrante, o ISA, someteuse ao proceso de participación pública e consultas nos prazos legalmente establecidos polo apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007 do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. O plan foi exposto durante dos meses, dende o 3 de setembro ata o 3 de novembro do 2008, tras ser inserido o correspondente anuncio no DOG núm. 169, de 2 de setembro de 2008.

#### *2.3.2. Resultados da participación pública e as consultas*

Durante o prazo en que a documentación do Plan Parcial foi exposta na casa do concello de Boimorto, non se recibiu ningunha alegación.

### **3. INTEGRACIÓN DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO PLANEAMENTO**

#### **3.1. Integración dos criterios de sustentabilidade no planeamento. Incidencia ambiental do planeamento**

As medidas e recomendacións contempladas no ISA para a integración dos criterios de sustentabilidade considéranse incorporadas na toma de decisións e actuacións que contempla o planeamento.

##### *Patrimonio*

No ámbito do Plan Parcial nin nas inmediacións ou área de influencia do polígono non existen elementos patrimoniais de interese cultural, histórico, arquitectónico ou arqueolóxico susceptibles de ser protexidos ou postos en valor.

##### *Sociedade*

O Plan contemplará as necesidades de infraestruturas e equipamentos necesarios segundo a capacidade do polígono industrial, co obxecto de facilitar a conciliación da vida familiar e a laboral dos traballadores.

O Plan favorecerá o máximo grao de participación social no proceso de planificación a través da presentación e explicación do Plan á poboación en xeral ou aos colectivos que así o demanden.

En cumprimento da lexislación vixente sobre accesibilidade de persoas con algunha discapacidade, a planificación dos espazos comúns ou públicos farase de acordo con esta perspectiva.

##### *Economía*

O Plan xustifica a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e futuras (potenciais) de Boimorto, así como o axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no ámbito segundo criterios de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e a máxima accesibilidade.

Vía ordenanza, establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no polígono, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver.

##### *Medio industrial*

No deseño da nova área industrial, compre ter en conta as características do medio circundante, co fin de acadar á máxima integración das novas actuacións no medio rural. Este deseño farase segundo os principios da ecoloxía industrial, que establece a conexión entre os residuos de unhas industrias e as materias primas de outras, ademais do compromiso das



empresas de implicarse na protección e defensa do medio ambiente a través dunha proposta de xestión ambiental. Estes principios poden resumirse en tres eixos principais: o emprego de materiais locais, a redución de residuos e a prevención da contaminación.

### *Mobilidade*

O novo ámbito industrial vai xerar novas necesidades de desprazamento, tanto para os traballadores como para os usuarios. Isto débese a que o ámbito non está situado nunha área urbana –nin sequera periurbana– que poida aportar a man de obra, que necesariamente terá que vir de fora. Por outra parte, no concello de Boimorto, como na maior parte do medio rural galego, o transporte público é moi débil e escasamente funcional. Sen contar as liñas de transporte escolar, en Boimorto só se dispón dun ramal (a variante de Sobrado) da liña Santiago Lugo que explota a Empresa Freire, que pasa por Corredoiras dúas veces por día (unha pola mañá e outra pola tarde). Con estas frecuencias é previsible o aumento do transporte privado xa que non existe outra alternativa, porque Boimorto está fora do Transporte Metropolitano de Galicia.

A única solución factible, dende o punto de vista da sostibilidade, é a organización, por parte do órgano xestor, dun sistema de transporte para os traballadores, de financiamento mixto (empresas-traballadores) e suficientemente atractivo, dende os puntos onde exista unha certa masa crítica (ou puntos de converxencia dos fluxos) ata o novo polígono.

Polo que fai a accesibilidade, o novo ámbito sitúase na beira da estrada AC-840, tendo fácil acceso por esta ás estradas N-634 (e a través desta, á A-6) e N-547 (Santiago-Lugo e á futura autoestrada Santiago-Lugo). O ámbito contempla unha conexión coa AC-840 e un vial interior en forma de anel para a distribución interior do tráfico.

A rede viaria peonil, tal como está previsto no Plan, será obxecto de estudo pormenorizado no proxecto de urbanización, e as solucións aplicadas serán, en todo caso, de carácter brando, primando a permeabilidade dos pavimentos e a dotación de solucións verdes.

### *Enerxía*

O novo ámbito disporá dunha rede de alumado especializada para os diferentes espazos públicos.

As instalacións deberán proxectarse de xeito que se consiga minimizar os seus custos (investimento+explotación+mantemento), previndo a vida útil da infraestrutura. Para iso, instalaranse lámpadas e equipos de baixo consumo e luminarias eficientes, con reguladores e redutores de fluxo para diminuí-los niveis lumínicos. Por outra parte, a rede do alumado público dotarase dun sistema de xestión telemática que permita o control e a optimización do funcionamento e a optimización enerxética.

Polo que fai á previsión de implantación de infraestruturas para a xeneración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, estes sistemas, tendo en conta a Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio

e do litoral de Galicia, só poden situarse en solo rústico de protección ordinaria. Segundo o disposto na citada Lei, a clasificación de solo rústico de protección ordinaria deberá estar especialmente xustificada en base á non concorrencia de potencialidades que fagan necesaria a súa protección. Este feito limita de xeito evidente a posibilidade de clasificación de este tipo de solo e, por tanto, a implantación de sistemas de obtención de enerxía de fontes renovables.

As eventuais liñas de alta tensión integraranse en pasillos eléctricos, e as liñas de media tensión do novo desenvolvemento estarán integradas e soterradas.

Plantexarase a conveniencia da instalación dun sistema de placas fotovoltaicas para reducir os custos de mantemento do alumado público.

#### *Atmosfera*

Estableceranse sistemas de vixilancia, con controis periódicos, das emisións contaminantes de calquera tipo, tanto xerais como específicas se unha eventual actividade industrial o require, adoptando as medidas necesarias para impedir e corrixir os seus efectos, atendendo ao principio de quen contamina paga para facer fronte aos custos das eventuais correccións, o que non significa que quen paga pode contaminar.

#### *Ciclo hídrico*

O Plan contempla a rexeneración do rego que transcorre polo ámbito, así como a restitución ao seu canle orixinal, reservando unha zona verde para a súa protección e para uso e disfrute da poboación en xeral. Esta zona verde contará cunha área de transición para mellor protección do medio natural e para mitigar o impacto da zona industrial. Por outra parte, terase en conta que calquera actuación no canle do regato ou no seu dominio deberá contar con autorización de Augas de Galicia.

No solo urbanizable, o Plan establecerá porcentaxes mínimas de zonas sen impermeabilizar co fin de non interferir no ciclo hídrico natural e estableceranse redes separativas das augas pluviais.

Polo que fai á rede de abastecemento de auga, prevese a conexión coa rede xeral, tomando a auga do depósito de Dormea, que abastece a Corredoiras e que ten unha capacidade de 1.000 m<sup>3</sup>, garantindo un caudal mínimo de 0,5 l/s/ha. As conducións serán soterradas seguindo a disposición do viario e os servizos públicos.

Canto á rede de saneamento, os vertidos das empresas que se instalen no polígono serán asimilables a augas residuais domésticas, depurando os seus efluentes, cando sexa preciso, a través de depuradores específicas comúns ás empresas con residuos análogos antes de chegar á depuradora xeral.

As augas pluviais trataranse mediante balsas de decantación e/ou separadores de graxas antes do seu vertido ao rego ou o seu aproveitamento posterior. As augas depuradas, xunto coas pluviais, recolleranse en pozos ou lagunaxes para o seu posterior emprego nos regos das zonas verdes ou calquera outro uso público.

No punto máis axeitado dende o punto de vista topográfico, instalarase un depósito ou vaso de tormentas para evitar asolagamentos en caso de chuvias súbitas e intensas. O vaso dimensionarase para precipitacións de 20 l/m<sup>2</sup>/h.

O Plan prevé a ampliación da depuradora de Corredoiras, que ten capacidade para 200 hab. A ampliación deberá acadar as 2.000 persoas. Dita ampliación levarase a cabo antes de que o polígono comece a funcionar, e non se outorgarán licencias de edificación hasta que o saneamento estea resolto.

Para máis información con respecto ás capacidades dos sistemas de abastecemento de auga e a rede de saneamento, así como ás súas previsións, remitirse á documentación do vixente PXOM (Memoria Xustificativa III, anexo 1: Estudio Xustificativo da Capacidade dos Servizos de Abastecemento e Saneamento).

#### *Ciclos de materiais*

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Reservanse espazos para a implantación de puntos de recollida de residuos industriais, con facilidades para o reciclado dos diferentes tipos de residuos (o punto limpo).

En todo caso, garantirase a capacidade de recollida e clasificación dos residuos, tendo en conta o seu previsible aumento e cambio de tipoloxía (de maioría de RSU na actualidade a RSU e industriais cando o polígono comece a funcionar), reforzando o sistema de recollida se é preciso.

Ademais destas variables, o ISA inclúe unha serie de recomendacións para outras variables dificilmente integrables no Plan:

- Dende o concello deseñaranse plans para a extensión e mellora da rede de recollida de residuos industriais e o fomento da separación de refugallos para a súa reciclaxe ou posta en valor mediante campañas dirixidas á sensibilización da poboación.
- O concello contemplará accións de intervención no leito fluvial que discorre pola peza (limpeza, mantemento e vixilancia), fomento da repoboación forestal e de mellora do medio natural circundante.
- Dende o concello buscarase a ampliación e diversificación do transporte público, coa intención de formar parte da rede galega de transporte público (TMG) e diminuír ou desincentivar o emprego do transporte privado pola súa insostibilidade.
- Teranse en conta tódolos requirimentos necesarios para asegurar a saúde e benestar da poboación na planificación de espazos públicos, así como a súa accesibilidade non só para os traballadores, senón para a poboación do contorno.

- Proporase, vía ordenanza, a creación dun **órgano xestor** do polígono, que funcione co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conducta ambiental. Este órgano deberá estar supervisado polo concello e cumprir as seguintes funcións:
  - Xestionar o Plan de Seguimento do Plan Parcial, establecendo os controis necesarios para avaliar as variables indicadas ou calquera outras que se estime necesario
  - Establecer un Plan Integral de xestión de Residuos Industriais
  - Velar pola seguridade e hixiene laboral dos traballadores do polígono
  - Controlar o axeitado dimensionamento dos equipamentos e infraestruturas necesarias para a actividade industrial actual e futura
  - Establecemento dun sistema de vixilancia ambiental, para controlar as emisións contaminantes e a produción, clasificación e eliminación ou reciclaxe dos residuos producidos na actividade industrial
  - Promoción do emprego eficiente dos recursos, procurando o máximo aforro enerxético ou de calquera outro recurso, tanto na actividade privada como nos usos públicos
  - Organización dun sistema de transporte público/privado para reduci-lo emprego do transporte privado
  - Antes da urbanización o órgano xestor tratará de acadar un elevado grao de materialización de proxectos empresariais e procurarase que as edificacións propostas non estean sobredimensionadas, co obxecto de minimizar o consumo de solo e de materiais e o impacto paisaxístico.

Canto á incidencia ambiental do planeamento, descríbense os seguintes impactos:

#### *Solos*

Identifícanse impactos negativos sobre a estrutura e composición dos solos, sobre todo na fase de execución das obras (fase de urbanización do SUD).

Refírese á alteración da calidade do solo e os seus compoñentes a causa do movemento de terras, pola propia urbanización e, en moito menor medida, polo derrame de augas contaminadas, hidrocarburos e lubricantes durante a fase de obras en practicamente toda a superficie da peza obxecto de análise, se ben a importancia do impacto é máxima, no o é tanto a súa magnitude por tratarse de solos ácidos e moi lixiviados.

Tamén existe a posibilidade do aumento da erosión durante a fase de obras, que se corraxirá á finalización das obras mediante a estabilización de taludes (estes serán mínimos grazas ás características topográficas da peza) a revexetación e as zonas verdes previstas.

### *Augas*

Dentro da área de estudio existe un curso de auga superficial que discorre polo centro da peza e que recibirá accións que terán un efecto positivo sobre a naturalidade de dito rego. Por ese lado da peza deberanse evitar invasións de maquinaria, depósitos de materiais e calquera tipo de vertidos que poidan incidir na calidade das augas do rego.

As eventuais correntes de augas subterráneas poden verse alteradas pola xeración de residuos susceptibles de alterar a calidade das augas na fase de obras. Estes efectos negativos corríxiranse á finalización das obras. No interior do ámbito da urbanización non se identifican fontes ou mananciais que se poidan ver afectados.

### *Clima*

As accións previstas para a urbanización do SUD, tanto nas etapas de execución do proxecto como na de funcionamento, non terán impacto sobre o clima da área obxecto de estudio, nin sequera a escala microclimática.

### *Calidade ambiental*

Refírese ó impacto sobre a calidade do aire xerado pola existencia de partículas en suspensión, emitidas polo movemento de terras e polo aumento de tráfico e maquinaria pesada na etapa inicial das obras de urbanización da peza. Esperase que o impacto sexa baixo e puntual.

Esperase que o impacto sexa baixo porque o perfil topográfico da peza fai que non sexan necesarios grandes traballos de escavación nin de movemento de terras.

Por outra parte, esperase un aumento dos ruídos producidos na fase de obras polo movemento de maquinaria pesada e, na fase de funcionamento, polo aumento do tráfico na área. O primeiro impacto desaparecerá á finalización das obras, e o segundo, de menor nivel, permanecerá na zona.

### *Flora e fauna*

A principal alteración da flora debese á perda de calidade dos solos e o propio desbroce e tala de vexetación. No ámbito da peza a urbanizar a vexetación existente está formada por eucaliptus de escasa idade debido á sucesivos rozados e monte baixo. Non existe vexetación ripícola asociada aos regos presentes na zona.

Polo que fai á fauna, o impacto neto é baixo e puntual, xa que logo só se verán afectados pequenos mamíferos e aves, que ausentaranse durante a fase de obras, e regresando ás zonas verdes da zona e as áreas naturais das proximidades á finalización das obras.

### *Paisaxe*

Este impacto refírese á alteración da paisaxe preexistente, alteración producida pola perda de naturalidade da peza a causa dos traballos da urbanización, pero se espera que o impacto sexa baixo porque o proxecto contempla escasas modificacións estruturais do medio e porque

a calidade visual do medio natural desta peza é baixo. Ademais, a existencia de edificacións nas inmediacións (núcleo das Corredoiras) elimina en gran medida a percepción de alteración global da paisaxe.

Asemade, o ISA propón unha serie de medidas correctoras dos impactos identificados:

Como xa se ten dito, os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación do Plan Parcial de Boimorto procederán da propia urbanización, na súa fase de obras, impactos que son puntuais e que cesarán ao finalizar as obras. Son de escasa magnitude e importancia dado o pequeno tamaño das actuacións, o escaso consumo de solo e o mínimo cambio de uso deste.

Posteriormente, ao finalizar as obras, os impactos derivados dos potenciais incrementos de poboación a causa das novas capacidades (maior necesidade de abastecemento de auga, maior necesidade de saneamento, maior volume de produción de residuos industriais, necesidade de novos equipamentos e servizos, incremento nas necesidades de mobilidade e creación de emprego) están suficientemente contempladas e previstas polo Plan, e, en todo caso e no horizonte de vixencia do propio Plan, serán de escasa entidade e magnitude.

Dende o punto de vista da naturalidade, non se afectan espazos protexidos ou de valor natural ou paisaxístico, e as eventuais afeccións poden derivarse das fases construtivas, restaurándose a naturalidade ao finalizar as obras.

As medidas correctoras ou preventivas a adoptar serán as seguintes:

- Nas fases de obras, reconstruírse sempre a topografía orixinal, traballando dende o punto de vista orográfico no sentido das curvas de nivel.
- Non se alterará a cobertera edáfica e se protexerá ao máximo en aqueles lugares onde se desenvolvan obras. A protección do solo é fundamental dado o seu poder depurador a través da súa capacidade filtrante.
- A cuberta vexetal que se vexa alterada reconstruírse na medida do posible mediante solucións de revexetación ou reposición das especies alteradas ou de maior calidade natural se é posible. As zonas verdes deseñaranse do xeito máis natural posible, alterando a mínima fracción posible. Polo que fai á zona verde do rego, reconstruírse, na medida do posible, a vexetación ripícola que debería estar presente, e se manterá a máxima naturalidade.
- En calquera fase das obras nas que se empregue maquinaria pesada, evitárase a compactación do terreo, a invasión de áreas naturais ou patrimoniais próximas, os vertidos de calquera tipo procedente das máquinas e as invasións dos cauces fluviais. Tamén se impedirán aportacións de materiais alóctonos destinados a recheos e, en xeral, impedirase calquera alteración das cualidades medioambientais do contorno.

- O viario farase do xeito máis permeable posible, deixando as solucións de viario impermeable estritamente para as zonas rodadas. O cicho hídrico nas vías respectarase mediante unha rede de recollida de pluviais, que deberá ser tratada antes do seu vertido ao rego de Batán.
- O alumeadado público da peza deseñarase tendo en conta as medidas de contaminación lumínica, dotando ás luminarias de pantallas protectoras axeitadas e conforme á lexislación vixente. Así mesmo, contemplaranse medidas de aforro e eficiencia enerxética onde sexa posible, tendo en conta o indicado no punto 5.2.6. do presente ISA.
- Estableceranse as garantías necesarias para o depósito dos materiais sobrantes de escavacións, construcións ou calquera outra fonte de residuos da construción en vertedoiros autorizados e en aqueles lugares que garantan o seu correcto reciclado ou valorización. Posteriormente á fase de obras, estableceranse as garantías necesarias, vía ordenanza municipal, para evitar verquidos, indicando as características destes e os niveis máximos permitidos, co fin de protexer axeitadamente as augas superficiais de vertidos líquidos.
- Reservarase un espazo para situar un punto limpo e centro de clasificación de residuos urbanos e industriais reciclables. Este punto limpo terá a dimensión suficiente e conexión co viario.
- A infraestrutura de subministración eléctrica estará baixo terra e convenientemente illada, así como as subestacións e transformadores, co fin de evitar a contaminación electromagnética.
- Na fase de implantación da industria no polígono vixiarase e regularase a tipoloxía e actividade da empresa que se instale no polígono, evitando calquera tipo de actividade molesta, nociva ou perigosa indo, cando sexa legalmente posible, máis aló do indicado no RAMINP, regulamento que aínda que está en vigor, está xa obsoleto.
- Velarase para impedir calquera emisión contaminante por parte das empresas instaladas no polígono, calquera que sexa a súa natureza.
- A subministración de auga potable e a rede de saneamento proxectada garantizará o correcto abastecemento e evacuación para a súa carga máxima prevista, e as ampliacións previstas estarán resoltas antes da entrada en funcionamento do polígono.

### **3.2. Seguimento da actuación**

O ISA recolle o sistema de indicadores proposto polo Documento de referencia, sistema deseñado para avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. A partir do sistema de indicadores deséñase o plan de seguimento.

O sistema de indicadores e o plan de seguimento descríbense por extenso no anexo número 1 da presente memoria.

#### **4. CONCLUSIÓN E SISTESE FINAL SOBRE A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN**

1. O proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica axustouse aos requisitos esixidos pola Lei 9/2006 do 28 de abril.
2. Os obxectivos expostos no planeamento son coherentes cos condicionantes resultantes da análise de partida e cos criterios establecidos no Documento de Referencia.
- 3.
- 4.
- 5.



# **Anexo 1**

## SISTEMA DE INDICADORES

INDICADORES DOS OXECTIVOS AMBIENTAIS		
variable	indicador	valor
consumo de solo	superficie de solo construíble respecto ao total do ámbito do plan	superfi. bruta do sector: 94.180 m <sup>2</sup> superf. máxima edificable: 65.662 m <sup>2</sup> (69,7%)
	superficie de solo sen alterar respecto ao total do ámbito do plan (%)	<b>30,3 %</b>
	superficie do ámbito do plan respecto á total industrial clasificada no PXOM do concello (%)	ámbito do Plan: 94.189 m <sup>2</sup> industrial no PXOM: 94.180 m <sup>2</sup> % sobre o total: <b>100%</b>
ciclo hídrico	<b>abastecemento</b>	
	capacidade de abastecemento do ámbito (Dpto. de Dornéa)	<b>1.000 m<sup>3</sup></b>
	demanda máxima estimada de consumo de auga para o ámbito do plan (m <sup>3</sup> )	0,5 lt/sg/ha neta ha neta = 6,5 ha; 3,25 lt/sg. capacidade actual do depto. = 1.000 m <sup>3</sup> para 2.000 hab., a razón de 300 lt/hab/día (25 m <sup>3</sup> /h) <b>demanda máxima: 600 m<sup>3</sup>/día</b>
	parcelas do ámbito do plan con rede de abastecemento (% respecto ao total do ámbito do plan)	<b>100 %</b>
	<b>saneamento</b>	
	capacidade máxima de saneamento da rede do ámbito (EDAR de Corredoiras)	<b>actualmente: 200 habs. despois da ampliación: 2.000 hab.</b>
	demanda máxima estimada de saneamento para o ámbito do plan por tipoloxía (m <sup>3</sup> /hab/día)	demanda estimada = 10 m <sup>3</sup> /h período estimado de funcionamento = 10 horas <b>100 m<sup>3</sup>/día</b>
rede de saneamento separativa (% respecto ao total do ámbito do plan)	<b>100 %</b>	

INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS		
variable	indicador	valor
enerxía	consumo enerxético antes e despois da execución do plan (Tep/hab/día)	antes do plan = 0 Tep despois da execución: 2.355 Kw = <b>0,203 Tep/hora</b>
	enerxía procedente de fontes renovables prevista no plan (%)	non se pode calcular, porque o 100% da enerxía procede da rede eléctrica, cunha procedencia de fontes renovables indeterminada
xestión de residuos	previsión de espazos para recollida ou tratamentos de residuos e de contedores de vidro, papel, envases lixeiros e materia orgánica (núm.)	<b>1 espazo</b>
	acesibilidade ó punto limpo (Km)	<b>0 Km</b>
	xeración estimada de residuos no ámbito do plan por tipoloxía (Kg/día)	4 m <sup>2</sup> /persoa (uso industrial) = <b>2.000 Kg/día</b>
actividades económicas	parcelas industriais previstas no ámbito do plan (nº)	<b>49</b>
	parcelas ocupadas no ámbito do plan (% respecto as totais do plan)	<b>52</b>
mobilidade sustentable	dist. media as redes de transp. público	en Corredoiras
	dist. media aos servizos municipais	no núcleo de Boimorto, situado a 3 km do ámbito
natureza	representacións gráficas (usos do solo, obxecto do plan, etc.)	(ver apartado cartográfico)
	acesibilidade a zonas verdes, servizos básicos e equipamentos no ámbito do plan (parcelas industriais en área de influencia <300 m; <500 m.)	100 % das parcelas en ambas dúas áreas de influencia

## PLAN DE SEGUIMIENTO

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO			
variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
consumo de solo	Edificación fora das áreas delimitadas polo Plan.	Seguimento das licencias: a edificación total non superará o 69,7% do ámbito do SAUI (65.662 m <sup>2</sup> )	Cada vez que se emita licenza municipal
ciclo hidrico	Alteracións da calidade das augas superficiais Potenciais verquidos cara o rego do ámbito.	Vixilancia directa e análises de parámetros físico-químicos da auga. Velarase pola calidade da auga da ETAP e pola inocuidade dos vertidos da EDAR Manter limpos os colectores para augas pluviais para evitar asulagamentos e/ou contaminación das augas e os leitos fluviais	Mensual (órgano xestor)  Cando proceda
enerxía	Consumo enerxético na iluminación pública Contaminación luminica	Vixiaráse que a dotación e substitución das lámpadas farase con dispositivos de baixo consumo. Vixiaráse que as pantallas sexán conformes á normativa sobre contaminación luminica e, cando proceda, serán substituídas por outras iguais	Cando sexa preciso
xestión de residuos	Xeración de residuos industriais e urbanos	Establecemento de pautas de separación dos refugallos e de reciclaxe. Vixiar que non se depositen refugallos de calquera tipo máis aló dos puntos destinados a ese fin. (punto limpo) Establecemento dun plan de residuos	Cando o requira o Plan de Residuos
medio natural	Alteración da naturalidade do medio.	Vixiarase calquera acción que poida afectar ao medio natural en calquera das súas formas.	Mensual (órgano xestor)
medio socioeconómico	Incremento de emisións derivada da actividade industrial Infraestruturas, equipamentos e dotacións para o polígono	Vixiaráse que non se produzan emisións perigosas para a saúde humana segundo o disposto pola normativa vixente Vixiarase o axeitado mantemento das zonas verdes, tendo en conta que, ademais do disfrute da poboación, contéplanse como áreas de transición entre as áreas naturais do contorno e o polígono	Semanal (órgano xestor)

Ademais do indicado no cadro anterior, terase en conta calquera desviación significativa dos valores indicados nos cadros de indicadores de seguimento e control (cadros 1 e 2) e, máis concretamente, controlaranse, por parte do órgano xestor, os seguintes aspectos:

- Calidade do aire (fase de obras): impactos provocados pola maquinaria de obra e o tráfico de vehículos pesados
- Ruído e vibracións (fase de obras): procedente do tráfico pesado
- Calidade da auga: escorrentía superficial

- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras e de funcionamento
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento
- Integración social: verificación do estado da integración social do proxecto fronte a persoas discapacitadas

Variables a ser medidas:

- Calidade do aire (fase de obras): niveis de inmisión e emisión para as seguintes variables: CO e CO<sub>2</sub>
- Ruído e vibracións (fase de obras e explotación): procedente do tráfico pesado e da actividade industrial
- Calidade da auga: escorrentía superficial. Conductividade eléctrica do rego augas arriba e abaixo do ámbito
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento. As variables a contemplar son: superficie revexetada e número de árbores introducidos nas zonas verdes.
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras. As variables a contemplar son: volume de residuos industriais e o seu destino. Residuos de envases e embalaxes, residuos inertes, residuos perigosos. Na fase de funcionamento serán as empresas instaladas no polígono as que, segundo a súa licenza de actividade, controlen este parámetro, verificándose o seu cumprimento polo órgano xestor.
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento.
- Integración social: as variables a seguir son: número de prazas de aparcamento dedicadas a persoas discapacitadas, a súa ubicación estratéxica e o seu uso; e detección e eliminación de barreiras arquitectónicas na urbanización, na edificación para uso industrial e na accesibilidade ás áreas públicas.